



veciñanza

nota de prensa

Veciñanza levará ao próximo pleno un proposta para esixir a mellora da seguridade vial do treito da Bragada (EP-8401), entre Portela e Pontevea.

Por riba de liortas partidistas, Veciñanza considera que debe primar o interese xeral, sobre todo nalgo tan sensible como a seguridade vial. Para iso levará ao próximo pleno unha moción para esixirle á Deputación de Pontevedra que proceda ao arranxo da EP-8401 no treito da Bragada, especialmente transitado e perigoso.

Cuntis, 25 de setembro de 2018. **Veciñanza levará ao pleno de Cuntis unha moción para esixirle á Deputación de Pontevedra a mellora da seguridade vial no perigoso treito da Bragada (vial EP-8401).** Nas súas curvas producíronse nas últimas semanas varios accidentes de tráfico que puxeron de novo sobre a mesa a alerta dunha estrada moi perigosa e moi transitada. Este vial é empregado diariamente moi moitos/as veciños/as de Cuntis para desprazarse a Santiago de Compostela ou á súa contorna por motivos de traballo, de estudo ou calquera outra razón persoal. **Así mesmo, é unha alternativa habitual á xa moi concorrida N-550 e, por suposto, á carísima autoestrada AP-9, o que fai que soporte un notable incremento do tráfico pesado.**

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, preguntábase a semana pasada se os accidentes no treito da Bragada xurdiran na presente legislatura, e se durante o mandato do Goberno Provincial do PP non existían as queixas ao respecto. Era a contestación ao anuncio previo que dende o Concello de Cuntis fixera o Alcalde de esixir, canda o da Estrada, o arranxo do treito máis perigoso da EP-8401.

A EP-8401 foi reformada hai escasamente cinco anos, cun investimento de case 900.000 euros que **tan só afectou á renovación do seu firme, pero que en absoluto supuxo un alivio da perigosidade do trazado en si mesmo.** Segue a ser, xa que logo, un asunto pendente en materia de seguridade vial. Daquela, o proxecto contou co silencio cómplice e co asentimento do Alcalde da Estrada, deputado provincial naquela altura, que agora o Alcalde de Cuntis anuncia como aliado, feito que molestou ostensiblemente á propia Presidenta provincial. Da banda do Partido Popular de Cuntis, que gobernaba naquel momento no noso concello, nada se soubo daquela e nada se sabe agora. **O xusto requirimento inicial quedaba nun segundo plano eclipsado polo enésimo enfrontamento entre PSOE e PP intercambiando acusacións e lamentacións de gobernos pasados.**

Veciñanza considera que por riba das liortas partidistas e dos silencios cómplices de cadaquén en cada momento, así como das afinidades entre uns e outros/as, debe primar o interese xeral e, neste caso, algo tan sensible como a seguridade vial. **Para iso, máis alá de anuncios levará ao próximo pleno a proposta de acordo para que os catro grupos da Corporación respalden o mesmo e se lle traslade a esixencia á Deputación de Pontevedra.** Son moitos/as os veciños/as de Cuntis que precisan esta mellora e é tamén moi ostensible como a preocupación se incrementou nas últimas semanas ante os accidentes acontecidos neste vial.

